

O SEPE apúrase para evitar os problemas de carga de traballo, funcións de superior categoría, preparación das xefaturas para xestionar conflitos...

Unha vez máis, o noso organismo demostra o que lle preocupa o seu persoal. Tras a detección dos problemas psicosociais que comeza no 2016 coas primeiras avaliacións de riscos psicosociais, non é ata o 2021 cando nun cónclave das cúpulas pensantes acórdase intervir en temas de saúde laboral e a visibilidade da imaxe institucional do SEPE.

Tras negociacións coa parte sindical dun Plan de Intervención Psicosocial logranse introducir na proposta inicial aspectos tan fundamentais como a delimitación das funcións ou a mellora na información de prestacións que se facilita o persoal (aínda que só de forma superficial). Pero este documento non entra a solucionar os problemas reais existentes nos centros de traballo.

Agora, reunidos para a revisión do citado Plan vemos que a Subdirección Xeral de Recursos non foi quen de facer o traballo nos prazos que eles mesmos puxeron.

En fin, e logo queren vendernos a avaliación da calidade e o traballo por cumprimento de obxectivos (nos que os postos altos cobran máis produtividade). UN DESPROPÓSITO.